

CÓDIGO	E8
Nome do entrevistador	E
Lugar da entrevista	Noia
Fecha	28/04/2015
Tipo de entrevistado	Usuaría con esquizofrenia paranoide

E: Qué día nacestes?

E8: O 30 de novembro de 1963. Teño 51 anos.

E: E dónde vives actualmente?

E8: En (nome do pobo).

E: Vivistes alí sempre, toda a vida?

E8: Estiven....vivín sempre no (nome do pobo).

E: Con quen vives?

E8: Con meu pai e con miña nai.

E: A qué se dedican teus pais?

E8: Miña nai traballa na casa que é maior e xa non ten profesión e meu pai foi mariñeiro foi contramestre e está na casa tamén retirado.

E: E túa nai a parte da casa tuvo algún outro traballo?

E8: Traballaba nas leiras á xornal.

E: E que estado civil tes: solteira, casada....?

E8: Estou solteira.

E: E tuvestes algún mozo anteriormente?

E8: Tiven un mozo que me durou oito anos e agora non nos vemos pero eu aínda o recordo

E: E con que anos tuvestes esa relación?

E8: Pois os vinte e oito.

E: E cómo o coñecestes?

E8: Presentáronmo, un irmán de miña cuñada.

E: E os estudos hasta qué nivel de estudos estudiastes?

E8: Hasta octavo de EGB.

E: Dónde estudiastes?

E8: No colegio (nome do colexio).

E: E cómo era a túa situación dentro do colegio? Estabas cómoda?

E8: Si estaba cómoda.

E: E que aprendestes no colegio?

E8: Na escuela? Enseáronme cultura, a leer a escribir...

E: Qué enfermidade tes?

E8: Esquizofrenia

E: E cando che din por primeira vez que tes a enfermidade?

E8: Con vinte e tres anos.

E: Como foi o momento no que fostes por primeira vez o médico?

E8: Pois porque tuven que salir do colegio e facerme maior separarme do grupo infantil de amigos que tiña na escola, tuven que facerme maior e e trageino, non fun capaz de dar o paso eu soa, notei un cambio en min, un cambio... que me fun facendo maior e non supen ese cambio ese cambio no supen dar.

E: E que sentías ti?

E8: Moita angustia.

E: Angustia que hoxe en día sigues sentindo ou que xa pasou?

E8: No agora vaime ben pero non teño... non é como antes. Non é seguido como antes, vai e ben pero teño máis momentos bos que malos.

E: Tes que visitar o médico?

E8: Teño que levar uns neurolépticos inyectables e vou o psiquiatra e o médico de cabeceira e mais veño aquí o centro.

E: Cando entrastes na Creba?

E8: No ano 2000

E: E que actividade desempeñas na Creba?

E8: Aquí, aquí aprendo costura, xa sabía algo de costura porque os doce anos xa ía a costura, os doce anos ía o colegio e a costura, e non o collín con moito cariño porque non tuven que cambiar, dábame un cambio na miña vida e non o supen coller e angustioume pero agora acostumbreime e son tan feliz como antes.

E: E estuvestes en outros talleres?

E8: En pasta de papel.

E: E cal prefieres?

E8: Costura, gústame máis costura.

E: E tes algunha discapacidade recoñecida polo estado? ¿Algunha subención que che dean?

E8: No, aí danme unha pensión non contributiva.

E: Vale e traballastes algunha vez fóra da Creba?

E8: Tuven un traballo pero temporal.

E: A qué te dedicabas?

E8: Dedicábame a servir, dedicábame a servir a señoras.

E: E actualmente non tes ningún outro traballo?

E8: No

E: Emmm... a qué anos me dixestes que che diagnosticaron a enfermidade?

E8: Diagnosticáronma ós vinte e tres anos.

E: Recordas o momento no que che dixeron mira tes esta enfermidade? Como foi?

E8: Pois non a levei moi consciente hasta que vin o centro non era consciente dela non sabía, sabía que me pasaba algo pero non sabía o qué.

E: E quen foi ... decidistes ti mesma ir o médico ou foi a túa familia?

E8: Foron meus pais e miña tía, pásalle algo estraño hai que mirar por ela.

E: E ti cando che dixeron a enfermidade, ou máis ben cando fostes consciente dela consideras que foi positivo para ti saber o que che pasaba ou no?

E8: Foi positivo, si.

E: E como era a túa vida antes da enfermidade?

E8: Era unha vida dunha adolescente: iba as festas, iba a costura polas tardes, e traballaba na casa, axudáballe a miña nai a facer a limpeza, despois fun servir temporalmente porque non collín esa profesión foron catro anos en total ou así ou menos, non sei, non me acordo ben. Era unha vida de adolescente, como todos ia a festa, traballaba eu que sei... unha vida normal de adolescente.

E: E consideras que a raíz da túa enfermidade cambio algo na túa vida?

E8: Si cambiou, porque cambiou na forma de pensar e de ver o mundo...

E: E as amizades?

E8: Si, a raíz da enfermidade collín máis amizades.

E: A túa familia apollouche, tuvestes axuda familiar?

E8: Si sempre sempre.

E: A qué te dedicas agora no teu tempo libre, cáles son os teus hobbies?

E8: Os meus hobbies? É a agua ducharme, ducharme... estar limpia... andar na agua, encantame a agua, bebelas, ver a televisión, leer un libro e que máis? Dar voltas pola casa ordenando algo, dar voltas pola casa axudándolle a miña nai.

E: E consideras que a enfermidade che influeu a hora de atopar traballo ou de non atopalo?

E8: Eu non sei explicar eu encontrome agusto como estou, eu organizei a miña vida pois axudáronme, organizei a miña vida, e mais tuven axuda, e estou contenta con ela non me planteo outra.

E: E tes fillos?

E8: No.

E: Hoxe en día dixéste-me que tuveras un mozo que che durara oito anos, en qué momento se termina esa relación?

E8: Pois terminou pois eu que sei.. porque non foi decisión miña non sei o porqué, non foi decisión miña, foi decisión del.

E: Eso é todo moitas gracias.